



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º 118 | Rf.º 5-11-2

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

Asistentes:
Presidente: Vicepresidente Ilmo.Sr.
Don Manuel Landeiro Piñeiro.

Vocales:
Don Miguel A. Delmas y Pérez de Salcedo.
Don José Luis de la Torre Nieto.
Don Pedro Rial López.
Don Casimiro Fernández Otero.
Don Luis Solano Aguayo.
Don Ricardo García Borregón.
Don José Casal Pereira.
Don Santiago Botas Prego.
Don Víctor Soto Bello.
Don Jaime Rey Barreiro.
Don Miguel Garrido Rodríguez.
Don José Mera Méndez (5).

Secretario:
Don Tomás Fernández Doctor.

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die

cisiete horas del día cua-

tro de diciembre de mil -

novecientos ochenta, con

asistencia de los señores

---oOo---

que al margen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Ve-

cinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del mon-

te que se indica, sito en el término municipal de REDONDELA

, y
.../...



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

E/F/E.

N.º _____	RF.º 5-11-2
-----------	-------------

Excmo.Sr.:

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 11 montes radicados en el Ayuntamiento de Redondela entre los que figura el que se describe de la forma siguientes:

Nombre del monte: MONTES DE QUINTELA.

Cabidas: 91 Has.

Límites:

Norte: Montes de Reboveda.

Este: Término municipal de Pazos de Borbén.

Sur: Montes de Sajamonde.

Oeste: Fincas particulares.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 5 de febrero de 1980, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 11 montes radicados en el Ayuntamiento de Redondela.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Redondela la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Redondela, así como a todos los vecinos interesados en el monte, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la provincia núm. 95 de fecha 24 de abril de 1980, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Redondela se persona en los expedientes presentando certificación de acuerdo tomado en sesión de fecha 27 de junio de 1980, en el que se hace mención de la documentación sobre la exención de venta de los montes comunales del año 1862, y sobre la que obra en el Archivo Histórico del Libro Real de Legos del Marqués de la Ensenada, pidiendo se paraliquen los expedientes para aportar dichos datos.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Redondela, no se persona en los expedientes.

RESULTANDO: Que las Comunidades vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- Los de Cedeira se personan en el expediente interesado la clasificación del monte de la parroquia.
- Los de Negros en escrito presentado por un miembro de la Comisión de la parroquia, aportan fotocopias de la documentación que obra en el Archivo Histórico y que es la relación de los montes exceptuados de la desamortización en el año 1847, en la que figuran los de la parroquia con copia del expediente instruido al efecto. En otro escrito del año 1978 el Sr. Carrera en nombre de la parroquia interesa que los montes se clasifiquen. En otro escrito encabezado por el Sr. González Gomez, se insiste sobre la petición de que los montes se clasifiquen.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____	Rf.º 5-11-2
-----------	-------------

- c) Los de Sajamonde aportan documentos análogos a los de Negros y en escrito de varios vecinos interesan que se clasifiquen sus montes.
- d) Los de Trasmañó en escrito firmado por Don Antonio Carreira se muestra conforme con el expediente instruido por la Administración, afirmando la posesión del monte por parte de los vecinos desde tiempo inmemorial, así como también aportando fotocopias de los antecedentes que obran en el Archivo Histórico sobre el expediente que les exceptúa de la desamortización y la relación en que figura a estos efectos del año 1847.

RESULTANDO: Que el monte objeto de la presente propuesta está inscrito en el Registro de la Propiedad.

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de julio de 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales en Mano Común establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos a la comunidad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO:



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____

Rf.º 5-11-2

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE QUINTELA TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE QUINTELA DEL TERMINO MUNICIPAL DE REDONDELA, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Transcurridos los plazos de interposición de recursos sin que éstos se hayan presentado, esta RESOLUCION será firme a todos los efectos reglamentarios.


Lo que me complace en notificarle para su conocimiento y de más efectos.



Dios le guarde.
Pontevedra, 10 de diciembre de 1980.
EL SECRETARIO DEL JURADO

Fdo.-Tomás Fernández Doctor.

- O Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento.
- O Sr. Presidente Cámara Agraria Local.
- O Sr. Presidente Comunidad de Vecinos de
- O Sr. Don



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 5 de setembro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Quintela (concello de Redondela) e de Nespereira (concello de Pazos de Borbén), ao respecto da estrema común dos seus montes.

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 14 de xuño 2022, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Quintela (concello de Redondela) e de Nespereira (concello de Pazos de Borbén), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente PO-DESC-02/18).

Feitos:

Primeiro. O 1 de agosto de 2018, María José Fabre Fervenza, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Quintela presenta no Rexistro presencial da Xunta de Galicia co núm. 103757/RX2048343 solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Quintela (concello de Redondela) e a CMVMC de Nespereira (concello de Pazos de Borbén).

Segundo. No expediente consta a seguinte documentación consonte o artigo 53 da Lei 7/2012: acta de conciliación, certificados de aprobación do deslindamento nas asembleas xerais das comunidades, memoria descritiva e plano.

A liña de deslindamento proposta está composta polos seguintes puntos:

Marco 1	x: 533.735,51	y: 4.679.310,40
Marco 2	x: 533.701,49	y: 4.679.279,90
Marco 3	x: 533.646,12	y: 4.679.223,20
Marco 4	x: 533.626,98	y: 4.679.121,80
Marco 5	x: 533.653,96	y: 4.678.997,02



Revisado o expediente de deslindamento detéctase que existe colindancia entre as CMVMC de Quintela e de Nespereira.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento tendo en conta que non se pode obter o informe de validación gráfica catastral porque existe un erro no catastro e a liña non pecha referencias catastrais. No caso de que o Xurado de Montes aprobe o deslindamento remírase ao catastro os puntos de deslindamento en formato shp.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. Esta resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Quintela (Redondela) e a CMVMC de Nespereira (Pazos de Borbén) respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito segundo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de



acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 5 de setembro de 2022

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: 8xxqebr1-tca6-emx3-voo3-hhb1sdycr0f4



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 5 de setembro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Quintela e de Saxamonde (concello de Redondela), ao respecto da estrema común dos seus montes.

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 14 de xuño 2022, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Quintela e de Saxamonde (concello de Redondela), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente PO-DESC-01/2019).

Feitos:

Primeiro. O 1 de xullo de 2019, María José Fabre Ferverza, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Quintela, presenta no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia co núm. 2019/1426210 solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Quintela e a CMVMC de Saxamonde, ambas no concello de Redondela.

Segundo. No expediente consta a seguinte documentación consonte o artigo 53 da Lei 7/2012: acta de conciliación, certificados de aprobación do deslindamento nas asembleas xerais das comunidades e plano.

A liña de deslindamento proposta está composta polos seguintes puntos seguindo o curso do regato O Regueiral:

Marco 1	x: 533.578,8	y: 4.678.714,45
Marco 2	x: 533.465,31	y: 4.678.706,16
Marco 3	x: 533.324,82	y: 4.678.712,97

Revisado o expediente de deslindamento detéctase que existe colindancia entre as CMVMC de Quintela e de Saxamonde.



O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento tendo en conta que non se pode obter o informe de validación gráfica catastral porque existe un erro no catastro e a liña non pecha referencias catastrais. No caso de que o Xurado de Montes aprobe o deslindamento remitirase ao catastro os puntos de deslinde en formato shp.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. Esta resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Quintela (Redondela) e a CMVMC de Saxamonde (Redondela) respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito segundo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e cos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 5 de setembro de 2022

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra



Xurado de Montes Veciñais en Mano Común de Pontevedra
Servizo Xurídico de Pontevedra
Xefatura Territorial de Medio Rural

OFICIO

Asunto: Toma de Razón Acto Conciliatorio Quintela-Reboreda

Expediente. DC25003

I. O 07.04.2025 a comunidade de montes veciñal en man común (en diante CMVMC) de Reboreda, no concello de Redondela, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2025/1003496, solicitude para a toma de razón do acto conciliatorio núm. 424/2014 entre a CMVMC de Reboreda (Redondela) e a CMVMC de Quintela (Redondela).

Os montes veciñais en man común (en diante MVMC) afectados por este acto conciliatorio son:

- MVMC de Reboreda (ID Monte: 3084) da CMVMC de Reboreda
- MVMC de Quintela (ID Monte: 3083) da CMVMC de Quintela

II. Consta no expediente a seguinte documentación do acto conciliatorio de recoñecemento do error nos esbozos entre a CMVMC de Reboreda e a CMVMC de Quintela:

- Papeleta do 27.10.2014 e acta de conciliación núm. 424/2014 entre as comunidades no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de Redondela o 19.03.2024.
- Certificado do secretario da CMVMC de Reboreda coa conformidade do presidente de 12.04.2025 da aprobación na Asemblea xeral do 23.11.2014
- Certificado do secretario da CMVMC de Quintela de 19.04.2025 da aprobación en Asemblea do 17.05.2014
- Informe técnico de febreiro de 2010, incluído dentro da papeleta conciliatoria, asinado polo enxeñeiro técnico forestal colexiada núm. 435 do COETF de Galicia, da medición da parcela obxecto de conciliación coas coordenadas no Datum ED50/UTM zona 29.
- Cartografía en formato dixital realizada a transformación das coordenadas de ED50 a ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829.
- Informe de validación gráfica catastral con CSV: ECCXBNDFDAM2DXR4 (para a comunicación da alteración catastral consonte o art.55.3 da Lei





7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

III. O acto conciliatorio consiste na aclaración dunha incorrección nos esbozos ao situar erroneamente o río do San, límite entre as dúas comunidades, situado realmente no Rego de Chans.

Esto supón que a CMVMC de Quintela recoñece neste acto conciliatorio que a superficie no seu esbozo mais ao Norte pertence ao CMVMC de Reboreda e que ambas comunidades non lindan.

O Terreo que recoñece Quintela como de Reboreda ven reflectida no Informe Técnico incluído na papeleta de conciliación, definida por 118 puntos en coordenadas no Datum ED50/UTM zona 29 (transformados a ETRS89 na cartografía dixital enviada) e cunha superficie de 53,44 ha, excluindo 5 tomadas encravadas dentro desta superficie.

- Coutada de Calcín: 3,86 ha
- Coutada de Mariana: 0,82 ha
- Coutada de Loureiro: 0,95 ha
- As sobreiras: 1,07 ha
- Tomada de Chans: 0,17 ha

iv. O acto conciliatorio produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación, incorporando esta superficie ao esbozo de Reboreda e excluíndoa do esbozo de Quintela, de maneira que os dous montes veciñais deixan de ser lindeiros.

A CMVMC de Reboreda presenta axuste que recolle este acto conciliatorio e o servizo de Montes de oficio axusta o esbozo de Quintela, eliminando a parcela Norte.


Por todo o exposto e revisada toda a documentación, enviase ao Xurado de MVMC de Pontevedra para a Toma de Razón deste acto conciliatorio entre a CMVMC de Reboreda e a CMVMC de Quintela, ambas no concello de Redondela.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A xefa de Área de MVMC
Irene Morales Sanz

Conforme:
A xefa do Servizo de Montes
Amalia Elsa Pazos Pintos





Ó XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA DE REDONDELA.



DONA ROSA FERNÁNDEZ SANTOS, maior de idade, titular do D.N.I. n° 52.500.305-E, Presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Reboreda, e con domicilio a efectos de notificacións en Estrada a Pazos de Borbén n° 99, Asnelle de Abaixo – Reboreda, 36.818 Redondela (Pontevedra), ante o mesmo comparezo e como mellor proceda en dereito,

DIGO:


Que, polo presente escrito, veño a formular DEMANDA DE ACTO CONCILIATORIO contra a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Quintela, representada pola súa Presidenta Dna María José Fabre Ferverza, con domicilio a efectos de notificacións en Estrada O Porriño n° 2, Quintela – Redondela (Pontevedra), a fin de que se aveña a recoñecer e transixir sobre do seguinte:

PRIMEIRO.- Dona Rosa Fernández Santos é a presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Reboreda (en adiante, CMVMC de Reboreda), cargo para a que foi nomeada na Asemblea do 20 de marzo de 2013 e que actualmente sigue vixente.

SEGUNDO.- Con data do 4 de decembro de 1.980 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común clasifica os Montes de Reboreda, cunha superficie de 204 has, definindo o seu linde polo vento Sur có monte de Quintela.

Por outra banda, con data do 4 de decembro de 1.980 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común clasifica o Monte de Quintela, cunha superficie de 91 has, definindo o seu linde polo vento Norte có monte de Reboreda.

Dos croquis que se acompañan a ambas resolución, pódese constatar que a ubicación dos lindes entre a parroquia de Reboreda e a parroquia de Quintela son incorrectos e non se axustan á realidade, ao non ubicarse adecuadamente o "río de San", situado no plano da carpeta ficha mais o Norte, na valgada que se coñece como Regueiro do Loureiro. O río de San correspóndense co denominado nos planos actuais como Barranco de Chans.



TERCEIRO.- Tanto os veciños da parroquia de Reboreda como os veciños da parroquia de Quintela coinciden en que o linde entre ambas parroquias o constitúe o Barranco de Chans, río que discorre entre propiedades particulares polo que os montes veciñais de ambas parroquias non lindan entre sí.

Acompáñase o Informe Técnico realizado en febreiro do 2.010 polo Enxeneiro Técnico Forestal, Francisco M. Pichel Romariz, que se dá por reproducido e no que se procede ao levantamento topográfico da zona /parcela que conta cunha superficie de 53'44 hectáreas, que pertence ao Monte Veciñal en Man Común de Reboreda.

Dita parcela de 53'44 hectáreas se atopa na súa integridade dentro da parroquia de Reboreda e que linda:

- Polo vento Norte, con propiedades particulares da parroquia de Reboreda e Monte xa clasificado como veciñal en man común de Reboreda
- Polo vento Leste, por monte xa clasificado como Monte veciñal en man común de Reboreda, a través do citado Rego de Chans (en realidade, Regueiro do Loureiro) ata o seu encontro có termo municipal de Pazos de Borbén
- Polo vento Sur, có termo municipal de Pazos de Borbén e propiedades particulares da parroquia de Reboreda
- Polo vento Oeste, con propiedades particulares da parroquia de Reboreda

Indicar que dentro do perímetro da parcela delimitada anteriormente, existen cinco tomadas formadas por propiedades particulares.

Así mesmo, o perímetro da parcela está definido sobre o terreo por muros así como por diversas marcas sobre o terreo tal como regos, e outras referencias que o separan dos propietarios particulares e do veciño Concello de Pazos de Borbén, así como pola estrada que comunica Quintela con Santo Paio e polo Rego de Chans (Regueiro do Loureiro).

Finalmente indicar que a Comunidade de Montes en man común de Reboreda non dispón de ningún terreo dentro da parroquia de Quintela, posto que como se dixo anteriormente, ambas parroquias non lindan entre sí.

CUARTO.- Polo que se interesa que a Comunidade Montes Veciñais en man común de Quintela se aveña a recoñecer o exposto nesta conciliación, e recoñeza que a parcela de 53'44 hectáreas que se identifica no Informe Técnico realizado en febreiro do 2.010 polo Enxeneiro Técnico Forestal, Francisco M. Pichel Romariz pertence á Comunidade de Montes en Man Común de Reboreda.


Polo exposto,



SOLICITO do Xulgado que, teña por presentado este escrito, e tendo por formulada a demanda de acto conciliatorio que contén e, previos os trámites procedentes, se sirva sinalar día e hora para a celebración do acto conciliatorio, expedindo a esta parte testemuño da demanda de acto conciliatorio e do contido e resultado do mesmo.

En Redondela, a 8 de outubro do 2.014.

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke at the bottom.



**INFORME PARA A CLASIFICACIÓN
DUNHA PARCELA DE 53,44 HAS A
FAVOR DA COMUNIDADE DE
MONTES VECIÑAL EN MAN COMÚN
DE REBOREDA
(CONCELLO DE REDONDELA)**

FEBREIRO DE 2010

PROMOTOR: C.M.V.M.C DE REBOREDA


AUTOR: FRANCISCO M. PICHEL ROMARIZ
Enxeñeiro Técnico Forestal
(Col. nº 435 – C.O.E.T.F.G)

C/ MICHELENA 1 - 7º
TFNO. (986) 85 14 24
36002 PONTEVEDRA
e-mail:mma@mundo-r.com

Inscrita en el Registro Mercantil de Pontevedra, Hoja nº PO-12013, Folio 175, Libro 1460 - C.I.F. B-36.212.769

CONTIDO

ANTECEDENTES
METODOLOGÍA
DESCRIPCIÓN DA PARCELA A CLASIFICAR
DESCRIPCIÓN DAS TOMADAS
CONCLUSIONES
ANEXOS
PLANOS



ANTECEDENTES

Con data de 4 de decembro de 1980, o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra clasifica os "Montes de Reboveda" como "de propiedade dos veciños da Parroquia de Reboveda", definindo os seus límites do xeito que se amosa a continuación:

- Norte: Montes de Ventosela.
- Este: Termo municipal de Pazos de Borbén.
- Sur: Montes de Quintela.
- Oeste: Fincas particulares.

Observando o croquis da Carpeta Ficha que acompaña á clasificación e serve de base para definir a superficie do monte veciñal, vese que se marca o límite entre ambas comunidades apoiado nunha vagoada que se identifica como "Río do San". Non obstante, a ubicación da mesma non é correcta, senón que o autentico Rego de Chans (denominado na cartografía como "Barranco de Chans") é a seguinte vagoada cara ao Sur, onde si que está o linde entre os termos parroquiais de Reboveda e Quintela. Deste erro na identificación do Río sobre a planimetría, se deriva unha clasificación errónea dos montes veciñais de Reboveda e Quintela, a cal agora se pretende corrixir e axustar á realidade.

Tanto os veciños da parroquia de Reboveda como os veciños da parroquia de Quintela coinciden en que o límite entre ambas parroquias o constitúe o Barranco das Chans. Este rego discorre entre propiedades particulares, polo que non é posible que ambos montes veciñais linden entre si.

É por iso que a Comunidade de Montes de Reboveda encargou á empresa MONTES Y MEDIO AMBIENTE CONSULTORES S.L.U. o levantamento topográfico da parcela de monte veciñal encadrada entre o límite da clasificación e as propiedades particulares coas que linda na súa cara sur, co fin de solicitar a súa clasificación ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra..

METODOLOXÍA



- Documentación histórica:

Para a redacción deste informe consultouse como documento clave na definición do linde parroquial o Catastro do Marqués de la Ensenada, que no seu libro Interrogatorio, en resposta á terceira pregunta, recolle unha descrición detallada do termo parroquial.

Porén, esta definición fai referencia a topónimos dos que hoxe se teñen perdidos a referencia, que deberían ser obxecto dunha pesquisa profunda.

- Levantamento topográfico:

O levantamento topográfico dos límites da parcela se realizou de acordo cos puntos de referencia indicados sobre o terreo por representantes da C.M.V.M.C de Reboreda, mediante o emprego dun GPS de precisión submétrica modelo Mobile Mapper Thales Navigation, o cal conta con 12 canais paralelos. Posteriormente, os datos recollidos foron tratados en postprocesado, con corrección diferencial mediante os datos dos satélites xeoestacionarios ofrecidos pola "Dirección General del Instituto Geográfico Nacional (Ministerio de Fomento)" e o software Mobile Mapper Office. A estación base de referencia situada en Vigo é proporcionada pola empresa distribuidora do receptor GPS, sendo a súas coordenadas UTM: 4.670.435,555 (N) e 515.561,761 (E), sendo a súa altura de 87,762 m.s.n.m.

DESCRIPCIÓN DA PARCELA

O resultado obtido do levantamento topográfico queda reflectido no plano número 2 que acompaña o presente informe. A liña en cor azul se corresponde co límite da parcela da que se solicita a clasificación a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Reboreda.



